

SUMARIO

- [1-5] NOVAS
- [2-4] IGAEM
- [4] Escola de Altos Estudos Musicais
- [5] Centro Dramático Galego
- [6-7] AXENDA DE ESPECTÁCULOS
- [8-9] ALERTA!
- [9] NOVIDADES EDITORIAIS
- [10] A REDE EN CIFRAS

A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS CELEBRA A SÚA XIV EDICIÓN DO 13 AO 17 DE XUÑO COA PARTICIPACIÓN DE 27 COMPAÑÍAS DE TEATRO E DANZA

CONTARÁ COA ASISTENCIA DE 150 PROGRAMADORES, DISTRIBUIDORES E AXENTES CULTURAIS

A cidade de Santiago de Compostela converte-rase de novo no epicentro da escena galega du-rante a celebración, do 13 ao 17 de xuño, da décimo cuarta edición da Feira das Artes Escé-nicas, que este ano cambia a súa denominación como xeito de constatar a consolidación da danza dentro dun cartel no que, non obstante, o teatro continúa sendo protagonista. Serán un total de 27 as compañías de dentro e fóra de Galicia que representarán as súas últimas pro-

ducións no marco deste evento, que en 2006 amplía os seus espazos de exhibición coa incor-poración do Auditorio de Galicia e A Chocolata-ría a escenarios xa habituais como a Sala Yago, o Salón Teatro, o Teatro Galán, o Teatro Principal e a Sala Nasa. Por segundo ano consecutivo, a Fundación Gonzalo Torrente Ballester será a sede da oficina central da Feira e das presentacións que terán lugar dentro do programa de actividades paralelas, ademais de acoller a exposición *O escenario da ilusión* a través da que se propón un percorrido histórico pola escenografía teatral.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos:

Área de Comunicación.

Supervisión lingüística:

Área de Publicacións

Deseño gráfico: Uqui / Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06



[vén da pantalla anterior]

Teatro de actor para público infantil e adulto, monicreques e danza son os xéneros escénicos que conforman o cartel desta edición, que pode consultarse na nosa sección de axenda ou na web www.feiradasartesscénicas.com. Baixo a dirección de Víctor López Carbajales, a Feira mantén como obxectivos prioritarios facilitar o encontro entre os profesionais do sector –compañías, programadores, produtores e distribuidores–, consolidarse como escaparate das mellores producións galegas cara á súa distribución por toda Galicia, servir de ferramenta útil para os programadores da Rede Galega de Teatros e Auditorios na selección dos espectáculos que subirán aos seus escenarios na vindeira temporada, e favorecer a proxección exterior das 21 compañías galegas seleccionadas mediante a presenza en Santiago dos representantes de diferentes espazos, circuitos, festivais e feiras de toda a Península.

Entre as propostas galegas, a nosa dramaturxia contemporánea (A Factoría Teatro presenta *Os homes só contan até tres* de Antón Lopo; Ancora Producións, *Final de película* de Gustavo Pernas; Lagarta Lagarta, *Carambola (Cóncavo, convexo)* de José Luís Prieto; Sala Yago, *Merda* de Xavier Estévez e Ricardo Barreiro; Sapristi, *So sobre* de Evaristo Calvo; Sarabela

Teatro, *O heroe* de Manuel Rivas; e Teatro do Aquí, *A ópera de A Patacón* de Roberto Vidal Bolaño) convive con clásicos universais (Talía Teatro con *Esperando a Godot*, de Samuel Becket; Teatro Galileo con *O avaro*, de Molière; Teatro de Ningures coa adaptación de *Misericordia*, de Galdós; Teatro do Atlántico con *A raíña da beleza de Leenane*, de Martin McDonagh; e Teatro do Noroeste con *A casa do pai*, inspirada en *O malentendido* de Camus) nun programa no que tamén teñen cabida as novas tendencias escénicas da man de formacións de recente creación (*Census*, de Colectivo Ludd; *Ópera off*, de A Última Rata; *Figurantes*, de Teatro D2; e *Oco*, de Teatro Ensallle), así como montaxes pensadas para os



So, sobre (Sapristi Teatro)

máis novos (*O libro da selva*, de Títeres Cachirulo, e *Tic Tac, sons dunha nave*, de Teatro Buratini).

A representación galega complétase cos espectáculos que exhibirán os tres grupos coreográficos que participan na edición deste ano: Disque Danza (*Candanseu chapeu*), Experimenta Danza (*Meltemi*) e Nova Galega de Danza (*Engado*).

Arredor de 150 participantes, fundamentalmente programadores e técnicos culturais, responderon ao convite da dirección da Feira das Artes Escénicas para asistir a esta gran cita coa escena galega, na que tamén teñen cabida destacadas producións chegadas de fóra, entre as que hai dous espectáculos infantís –*Animalico*, do grupo valencian P.T.V. Clowns; e *Romeo y Julieta*, coproducida polo Teatro Español e Uroc Teatro–, dúas propostas de compañías barcelonesas –*Entrañas*, de Titzina Teatre; e *Idaho y Utah*, de Tantarantana–, unha montaxe portuguesa –*O grande criador*, da lisboeta Companhia do Chapitô– e, por primeira vez na historia deste evento, unha produción alemá, *Teatro Delusio*, dos berlineses Familie Flöz.

Serán cinco días consecutivos dedicados ao teatro maila danza, con máis de 35 horas de funcións dende primeiras horas da mañá até a madrugada e intensas xornadas matinais de presentacións. A través deste programa, a Feira tomará o pulso da actualidade destes sectores artísticos en Galicia, ofrecendo un espazo propicio para os intercambios comerciais sen perder de vista o seu carácter máis lúdico como a gran festa da escena galega.

EXPOSICIÓN

EL ESCENARIO DE LA ILUSIÓN

COMISARIOS: MIGUEL ÁNGEL COSO MARÍN E JUAN SANZ BALLESTEROS
LUGAR: FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER,
SANTIAGO DE COMPOSTELA

13-25 DE XUÑO

de 11.00 a 20.00 h (domingo pechado)

PRESENTACIÓNS

NA FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS

LUGAR: FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER,
SANTIAGO DE COMPOSTELA

13
MARTES

11.00 h Reunión Rede Galega de Teatros e Auditorios

12.00 h Investigación sobre o perfil de público do teatro galego (IGAEM e Cidadanía)

12.30 h Informe de datos da *Guía de actividade empresarial das artes escénicas* (IGAPE, BIC Galicia e IGAEM)

14
MÉRCORES

13.00 h Proxecto *Café imperial* de Teatro do Noroeste

13.30 h Trompicallo

14.00 h XXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico-Festivo de Cangas

12.00 h Convenio de colaboración entre o Instituto Camões (Portugal) e o IGAEM

12.30 h XXII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

15
XOVES

13.00 h Proxecto *Verbenas periféricas itinerantes*

13.30 h A Factoría Teatro

14.00 h Escena Galega. Asociación de Empresas de Artes Escénicas de Galicia

12.00 h Proxecto Pisa-Papeis (Portugal)

12.30 h Nove-Dous

13.00 h Sapristi Teatro

13.30 h GALATEA. Asociación de Técnicos de Escena e Audiovisual de Galicia

16
VENRES

14.00 h Proxecto *Comunidad de Teatro Virtual*

A REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS TERÁ CICLOS ESPECÍFICOS DE MÚSICA E DANZA

A programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios contará no segundo semestre de 2006 con ciclos específicos dedicados á música e á danza, xa que desde o IGAEM se están a desenvolver dúas programacións musicais centradas nos xenéros de jazz e clásica (para música de cámara), ademais

artísticas (12 delas galegas e 2 foráneas, a través dun programa de intercambio con outras comunidades ou países). O mesmo procedemento márcase para a música de cámara, aínda que neste caso a totalidade de propostas, outras 14, serán galegas. Ningunha proposta artística poderá estar máis de 3 semestres seguidos no ciclo.

Pola súa banda, Danza na Rede desenvolverase no último trimestre de 2006. Formarán parte

A raíña da beleza de Leenane estará na Mostra de Ribadavia



dunha nova edición de Danza na Rede, actividades que virán a sumarse ao calendario teatral.

Para este fin o IGAEM estableceu contacto cos 45 concellos integrantes da Rede a fin de que antes do próximo luns 10 de xuño declaren o interese da institución ou entidade que representan por albergar algún destes ciclos, o que supón a aceptación das normas de funcionamento estipuladas e a asunción dos cachés ao 50%. Para o programa de jazz, o IGAEM, a través dunha comisión de selección, escollerá semestralmente 14 propostas

do ciclo todos aqueles concellos interesados que dispoñan de espazos escénicos co equipamento necesario para realizar esta programación, coa condición de asumir a contratación de entre 4 e 5 compañías de danza contemporánea (a metade galegas como mínimo) e dispoñer as representacións nun período máximo de oito semanas consecutivas. No caso da danza, o IGAEM pagará o 60% do caché de cada compañía, asumindo cada concello o 40% restante, ademais dos custos de infraestrutura técnica precisa.

O IGAEM CONTRIBÚE Á FINANCIACIÓN DO FESTIVAL EN PÉ DE PEDRA E DA MOSTRA DE TEATRO DE RIBADAVIA

O IGAEM colabora economicamente coas edicións de 2006 do Festival Internacional *En pé de pedra*. *Danza para paseantes*, que organiza Matarile Teatro; e coa Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que promove ese concello ourensán, dentro dos seus fins de difusión do teatro e da danza.

Para a undécima celebración de *En pé de pedra*, que se desenvolverá en Santiago do 23 ao 25 de xuño, o IGAEM achegará 30.000 € como contribución para conformar unha programación de danza de rúa integrada por 26 representacións de 9 compañías e 5 bailaríns-coreógrafos solistas. A edición deste ano inclúe tamén a presentación de 5 solos de danza e un obradoiro de creación coreográfica na semana posterior ao calendario de actuacións.

No caso da XXII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que terá lugar o vindeiro mes de xullo, o IGAEM destinará 9.000€ á cobertura de parte dos gastos derivados da súa organización, en concreto para custear a contratación das tres compañías galegas que se inclúen na programación: Lagarta Lagarta co espectáculo *Carambola*, Teatro do Atlántico con *A raíña da beleza de Leenane* e Teatro do Morcego con *A farsa de Bululú*.

ASINADA A CONTINUIDADE DA BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL FRANCISCO PILLADO MAYOR

A colección Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, que edita o departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, incorporará este ano sete novos títulos ao seu catálogo, de acordo cun convenio de colaboración cultural asinado entre a conselleira de Cultura e presidenta do IGAEM, Ánxela Bugallo, e o reitor da UDC, José María Barja.

O IGAEM achegará 21.000 euros para a continuidade desta iniciativa editorial, que coordina científicamente o profesor Carlos Paulo Martínez Pereiro, e na que se recollen en seis series algunhas das pezas máis relevantes das drama-

turxias galega, portuguesa e francesa –entre outras– así como obras de investigación e documentación sobre o teatro. A colección, que se fundou en 1997, rematará 2006 con 49 números editados na procura dunha bibliografía teatral galega de referencia.

Dos sete novos títulos previstos para 2006, dous veñen de saír á rúa recentemente: *Confusión de María Balteira*, de Marica Campo e *A costureira d'aldea*, de Manuel Luguís Freire. *A conquista da escola para Madhubai*, de Hélène Cixous; *Luces fóra*, de Manjula Padmanabhan; *Teatro reunido*, de Teresa Rita Lopes; *O fidalgo aprendiz*, de Francisco Manuel Melo; e *Memoria crítico-bibliográfica do teatro galego*, de Uxío Carré Aldao, son os outros cinco títulos previstos no convenio.



A conselleira de Cultura e o reitor da UDC, momentos antes da sinatura do convenio

CONVOCADOS OS PREMIOS LITERARIOS DO IGAEM PARA O EIDO DRAMÁTICO

FÚNDASE O MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL

O ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS CHEGA A SÚA DÉCIMO QUINTA EDICIÓ

O IGAEM convoca o XV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, co fin de incentivar a creación literaria no ámbito do teatro e dentro do seu obxecto básico de desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, promoción e difusión das actividades teatrais.

A concesión dos premios comprende a dotación económica de 6.000 € para o Álvaro Cunqueiro e 4.000 € para o Manuel María, así como a publicación das obras premiadas.

A eles poderán optar textos teatrais inéditos escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados e non premiados anteriormente noutros concursos. No caso do Manuel María, estarán dirixidos especificamente a público infantil. As obras serán de tema e extensión libres, coa única exclusión das obras de teatro breve e de textos para teatro de títeres.

Complementariamente ás calidades literarias e aos contidos dramáticos que posúan os textos, o xurado dos premios valorará positivamente os factores que incidan na viabilidade escénicas dos textos: número de personaxes, espazo escénico, condicións técnicas, etc.

Nas bases conxuntas aos dous galardóns dispónse que os textos deberán ser presentados por quintuplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A-4, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, numerados,

grampados ou encadernados, así como as demais especificacións no que atinxe á súa presentación.

O período de admisión de orixinais remata o 7 de agosto (60 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia) e a decisión do xurado producirase dentro dos tres meses seguintes ao remate do prazo de admisión de orixinais.

APOIO DO IGAEM AOS TÍTULOS TEATRAIS DAS EDITORIAIS TRIS-TRAM E LAIOVENTO

O IGAEM apoia cun total de 9.000 euros a edición de catro títulos teatrais das editoriais Tris-Tram e Laiovento, dentro dos fins do organismo de contribuír á difusión da escrita teatral galega.

No caso de Tris-Tram achegaranse 3.000 € para a edición dun volume dedicado á obra do autor e director de escena Eduardo Alonso, no que se incluírán as pezas *Alta comedia*, *Damas de Ferrol* e *Ensaio*, que pasará a formar parte da colección Máscaras, conformada por monográficos sobre a produción literaria de dramaturgos galegos (publicáronse con anterioridade volumes sobre Raúl Dans, Euloxio Ruibal ou Vidal Bolaño), así como reflexións sobre o teatro en Galicia.

Canto a Laiovento, a axuda do IGAEM cífrase en 6.000 € e destínase ás coleccións Cadernos de Teatro e Laiovento Teatro. Dentro da primeira serie, dedicada á difusión de obras de teatro breve, insírese a publicación de *A fonte do bidueiro*, de Isaac Ferreira; e *Antonio Gramsci sobre Pirandello*, con tradución de Xesús González Gómez. Na segunda verá a luz *Eclipse*, de Manuel Lourenzo.

O AUDITORIO DA EAEM ACOLLE TRES CONCERTOS DOS ALUMNOS COMO PECHE DO CURSO 2005-2006

Os alumnos da Escola de Altos Estudos Musicais enfrontan a recta final do curso académico 2005-2006, que despedirán protagonizando tres concertos públicos no auditorio do centro, no parque compostelán de Vista Alegre.

Así, os días 5 e 7, ás 20.30 h, celebranse senllos concertos de cámara, que os estudantes prepararon xunto aos profesores Thomas Piel, Alexander Gold, Carlos Méndez, Ramón Llaster, Humberto Armas, Ildikó Oltaí, Anne Schlossmacher e Gregorio Nedobora.

Tras estas citas e despois dos exames finais, que terán lugar entre o 12 e o 16 de xuño, os alumnos comezarán a ensaiar o concerto que a Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais ofrecerá o día 23, ás 20.30 h, baixo a batuta do compositor e director alacantino Vicente Egea e de Corrado Bolsi, mestre de violín do Conservatori Superior Liceu de Barcelona. Nesta nova presentación pública, a Orquestra interpretará *Marcia*, de Von Weber, *Spring Serenade*, de Egea, varios números de *Música Acuática*, de Haendel, e a *Sinfonía nº 25*, de Mozart.





O CONSELLO REITOR DO IGAEM APROBA A NOVA PROGRAMACIÓN DO CDG PARA A TEMPORADA 2006-2007

CRISTINA DOMÍNGUEZ DIRIXIRÁ
O REGRESO DO DESERTO

TARARÁ-CHIS-PUM ESTREARASE EN FEBREIRO
E A PIRAGUA EN ABRIL

O Consello Reitor do IGAEM aprobou a programación proposta pola directora do Centro Dramático Galego, Cristina Domínguez, para a temporada escénica 2006-2007, que abrangue a produción propia e a distribución de tres novos espectáculos ata o mes de xuño do próximo ano, ademais doutras actividades.

Baixo o lema *O teatro de hoxe*, o CDG sustentará o seu labor en distintas liñas de actuación, que van desde a representación dos repertorios dramáticos clásicos e contemporáneos, tanto galegos como internacionais, ata a posta en escena de espectáculos destinados ao público infantil e familiar. O apoio e apertura a outros xéneros artísticos e manifestacións

parateatrais, así como a residencia dun dramaturgo/a galego/a por temporada son outras das perspectivas destacadas na nova programación.

O repertorio contemporáneo, e máis concretamente a obra de B. M. Koltés *O regreso ao deserto*, inaugurará a temporada coa súa estrea o 20 de outubro baixo a dirección escénica de Cristina Domínguez. As outras dúas montaxes que completan o apartado de produción propia son o espectáculo para público infantil *Tarará-Chis-Pum*, que se estreará en febreiro dirixido para a compañía pública por Santiago Montenegro e Rosa Hurtado; e unha proposta escénica de Cándido Pazó, que baixo o título de *A piragua*, estará asociada a un proxecto de residencia dramaturxica e verá a luz en abril.

O plano completo de actividades será presentado nun acto público que terá lugar o próximo setembro en Santiago de Compostela.

EDITADA A GUÍA DIDÁCTICA DE A CABANA DE BABAIAGÁ


O Centro Dramático Galego editou a guía didáctica do seu espectáculo de música e narración oral *A cabana de Babaigá*, co que vén de pechar un primeiro período de representacións no marco da campaña escolar, dirixida a nenas e nenos de entre 6 e 11 anos, que retomará tralas vacacións estivais.

Elaborada por Nati Borrajo e con ilustracións de Pablo Otero, esta publicación recolle tanto os textos narrados e interpretados na montaxe pola súa directora, Paula Carballeira, como unha serie de exercicios prácticos que os mestres poden realizar cos seus alumnos antes e despois de asistir ás funcións. O obxectivo é

AS DÚAS ÚLTIMAS PRODUCCIÓNS DO CDG REMATARON AS SÚAS XIRAS CUN BALANCE DE MÁIS DE 11.000 ESPECTADORES

O CDG vén de concluír as representacións de *A cabana de Babaigá* e *Illa Reunión*, espectáculos que desenvolveron as súas xiras galegas durante os últimos tres meses e congregaron a máis de 11.000 espectadores.

Así, máis de 8.000 nenas e nenos disfrutaron de *A cabana de Babaigá* dentro da primeira parte da campaña escolar que levou a cabo en seis escenarios galegos, ofrecendo un total de 55 funcións dende a súa estrea en Ferrol o pasado 7 de marzo. Ferrol foi, ademais, o último destino da viaxe proposta por *Illa Reunión*, baixo dirección de Ana Vallés. A xira deste último espectáculo concluíu este 3 de xuño, despois de 33 representacións –ás que asistiron máis de 3.000 espectadores– en sete localidades.



espertar neles a sensibilidade estética e o gusto polo teatro e a música, ademais de fomentar o coñecemento da cultura propia e o respecto polas doutros países, neste caso pola tradición rusa da que xorde o conto popular que inspira este espectáculo.



02
VENRES

Lagarta Lagarta
Carambola
O Carballiño 22.30 h
AUDITORIO MUNICIPAL

Santart
As que matan o sono
(a partir de Macbeth)
A Estrada 21.30 h
TEATRO PRINCIPAL

Teatro do Morcego
Farsa de Bululú,
homenaxe a Manuel María
Ponteareas 21.30 h
AUDIT. REVERIANO SOUTULLO

Centro Dramático Galego
Illa Reunión
Ferrol
TEATRO JOFRE



Centro Dramático Galego
Illa Reunión
Ferrol
TEATRO JOFRE

03
SÁBADO

Mofa e Befa
Cultura para dar e tomar
Ortigueira 21.00 h
TEATRO DA BENEFICENCIA

04
DOMINGO

Santart
02 Pegadas sen identificar
dunha traxedia grega
Ribadeo 20.30 h
AUDITORIO MUNICIPAL

05
LUNS

EAEM Concerto de cámara
Santiago 20.30 h
AUDITORIO DA ESCOLA DE
ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

06
MARTES

Teatro Buratini
Tic Tac Sons dunha nave
Viveiro 11.30 h
TEATRO PASTOR DÍAZ

Creacións Máxicas
Armas baixo control
Vilalba 20.30 h
AUDITORIO CARMEN
ESTÉVEZ EGUJAGARAY

07
MÉRCORES

EAEM Concerto de cámara
Santiago 20.30 h
AUDITORIO DA ESCOLA DE
ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

09
VENRES

Títeres Cachirulo
Camiño de Aventuras
Sada 18.00 h
CASA DA CULTURA PINTOR
LLORENS

10
SÁBADO

Fulano, Mengano e Cítano
O Faro
Cangas 22.30 h
AUDITORIO MUNICIPAL

Títeres Falcatrúa
Dado trucado
xogo revirado
Vigo 12.00/18.00 h
AUDITORIO MUNICIPAL

02
VENRES

03
SÁBADO

04
DOMINGO

05
LUNS

06
MARTES

07
MÉRCORES

09
VENRES

10
SÁBADO

13
MARTES

14
MÉRCORES

15
XOVES

16
VENRES

17
SÁBADO

19
LUNS

23
VENRES

24
SÁBADO

25
DOMINGO



Teatro do Aquí
A ópera de A Patacón
Vigo 22.30 h
CENTRO CULTURAL CAIXANOVA

Os Cempés
Moe a Moa
Ponteareas 23.30 h
AUDIT. REVERIANO SOUTULLO

Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais
Concerto
Santiago 20.30 h
AUDITORIO DA EAEM

A Roda
Ortigueira 21.00 h
Teatro da Beneficencia


Migallas Teatro
¡Canta conosco!
Silleda 18.00 h
SIADOR

Orquestra de Cámara Solistas de Galicia
Concerto
Vilagarcía 21.00 h
AUDITORIO MUNICIPAL

Fulano, Mengano e Citano con
O Faro
Vilanova 21.00 h
CASA DA CULTURA DO ESTEIRO

Sarabela Teatro
Romance de Micomicón e Adelaha
Silleda 17.00 h
SIADOR

XIV FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS DE GALICIA
Santiago de Compostela



Sala Yago
Merda
SALA YAGO 16.15 h

Tantarantana e Los Pelones (Cataluña)
Idaho y Utah, nanas para nenos malos
TEATRO GALÁN 18.00 h

P.T.V. Clowns (Valencia)
Animalico
SALA YAGO 10.30 h

Títeres Cachirulo
O libro da selva
SALA YAGO 10.30 h

Teatro Buratini
Tic, Tac, sons dunha nave
SALA YAGO 10.30 h

Teatro Español e Uroc Teatro (Madrid)
Romeo y Julieta
SALÓN TEATRO 11.00 h



Talía Teatro
Esperando a Godot
SALÓN TEATRO 20.00 h

Títzina Teatro (Cataluña)
Entrañas
TEATRO GALÁN 17.45

Companhia do Chapitô (Portugal)
O grande criador
SALA NASA 17.45 h

A Factoría Teatro
Os homes so contan até tres
SALÓN TEATRO 18.15 h

Teatro do Noroeste
A casa do pai
SALA YAGO 17.30 h



Teatro do Aquí
A ópera de a Patacón
TEATRO PRINCIPAL 22.30 h

Ancora Produccións
Final de película
SALÓN TEATRO 19.45

Sarabela Teatro
O heroe
SALÓN TEATRO 19.30 h

Disque Danza
Cadanseu Chapeu
TEATRO GALÁN 20.00 h

Lagarta Lagarta
Carambola (Cóncono convexo)
TEATRO PRINCIPAL 19.15 h

EME2-Ludd
Census, o soño do enumerador
A CHOCOLATARÍA 00.30 h

Famille Flöz
Teatro Delusio
TEATRO PRINCIPAL 21.30 h

Teatro de Ningures
Misericórdia
TEATRO PRINCIPAL 22.00 h

Teatro do Atlántico
A raíña da beleza de Leenane
TEATRO PRINCIPAL 22.15 h

Nova Galega de Danza
Engado
AUDITORIO DE GALICIA 22.00 h

A Última Rata
Ópera Off
SALA NASA 00.30 h

Teatro Galileo
O avaro
SALA YAGO 00.15 h

Experimenta Danza
Meltemi
SALÓN TEATRO 00.15 h

3. LABORAL / FISCAL / CONTABLE

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Consellería de Traballo: Fomento da contratación por conta allea	Contratación de mozos/as menores de 30 anos e de colectivos desfavorecidos e con dificultades de inserción e conciliación da vida laboral e familiar.	Empresas (persoas xurídicas ou autónomos) que contraten traballadores dos colectivos subsidiarios. Mais información na web http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&menu=pe0&entry=pe2&item=&content=	15 de setembro*
Consellería de Traballo: Promoción do emprego autónomo	Axudas para a creación de novas empresas: subvención financeira, axudas para inversións e para gastos correntes.	Desempregados que se dean de alta como autónomos independentemente ou que constitúan unha sociedade limitada. Mais información na web http://traballo.xunta.es/index.jsp?lang=gal&menu=pe0&entry=pe3&item=&content=4013	15 de setembro*
IGAPE: Programa emprendedores	Servizos de formación e tutoría gratuítos. Subvención para investimentos e gastos de inicio de actividade.	Promotores de novas empresas. Mais información na web: http://www.igape.es/Programas_e_axudas/Emprendedores/Emprendedores.not.aspx	31 de decembro

*Consultar convocatorias específicas (esta data pode variar nalgúns dos programas de incentivos incluídos baixo este epígrafe xeral)

Documentos para a Historia do Teatro Galego (1919-1924)

Silvana Castro García
(Edición e notas)

Introdución: Laura Tato Fontaíña



Universidade da Coruña.
Departamento de Galego-
Portugués, Francés e Lingüística
/ Biblioteca-Arquivo Teatral
Francisco Pillado Mayor, nº 41
(Serie Ouro: Documenta)
ISBN: 84-9749-170-X
PVP: 12 €

Con este volume, a Biblioteca-Arquivo abre unha nova colección co obxectivo de pór a disposición dos investigadores textos que conforman a base documental sobre a que se alicerzan os estudos da historia teatral. A intención dos editores non é dirixir a atención do/a lector/a para unha interpretación concreta dos documentos, senón facilitar o acceso a eles para que poidan ser lidos e interpretados dende novas perspectivas.

Que (non) é o teatro? Catálogo das publicacións da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor (1997-2005)

Manuel Lourenzo /
José Oliveira Barata



Universidade da Coruña.
Departamento de Galego-Portu-
gués, Francés e Lingüística /
Biblioteca-Arquivo Teatral
Francisco Pillado Mayor, nº 42
(Serie Gris)
ISBN: 84-9749-174-2
Edición non venal

A obra *Con licenza*, unha serie de poemas de Manuel Lourenzo inspirados na arte do teatro, e o artigo *Do que queremos falar realmente quando nos referimos ao teatro?*, do profesor portugués José Oliveira Barata, preséntanse xunto co catálogo das publicacións editadas no seo desta colección dende a súa posta en marcha en 1997.

Pequena rapsodia galega

Víctor Ureña Revuelta



IGAEM
Ventos de Galicia, nº 2
ISMN: M-1013123-5-7
PVP: 20 €

O saxofonista e compositor Víctor Ureña (Burgos, 1927-Pamplona, 2002) creou esta obra para a Orquestra de Saxos do Conservatorio de Redondela co gallo da súa participación no Congreso Mundial do Saxofón en Valencia, no marco do que foi estreada o 29 de setembro de 1997. Trátase dunha composición en forma de rapsodia, que tras unha introdución lenta de carácter contrapuntística (na que formula os motivos principais como paires da primeira sección) presenta catro seccións diferenciadas.

COMPañÍAS

REXISTRO DE DATOS: XANEIRO-ABRIL 2006

Compañías	Funcións	Espectadores/ función	Facturación función
A Factoría Teatro	5	185,40	534,10
Abe Rábade Jazz	1	46,00	105,00
Áncora Producións	4	112,00	528,25
Artello - Teatro Alla Scala 1:5	5	233,20	371,50
Art-monium	1	174,00	834,00
Balea Branca	1	181,00	684,00
Berrobambán Teatro	1	457,00	1.772,00
Bucanero & Eme2 Producións	3	43,33	154,33
Caramuxo Teatro	5	258,80	331,30
Casahamlet	1	41,00	194,00
Chrystian Magic	2	215,50	240,50
Compañía Cuarta Pared	2	206,50	913,40
Creacións Máxicas	2	314,50	848,00
Cuarteto de corda da orquestra			
Solistas de Galicia	1	250,00	0,00
Cuarteto Ephimere	2	24,00	75,00
Estíbaliz Espinosa e Rupert Twine	1	33,00	34,50
Fulano, Mengano e Citano	9	149,33	519,59
Javier Muro	1	300,00	185,00
La Zaranda	1	380,00	1.050,00
Lagarta Lagarta	12	187,17	642,52
Los Figaros	1	260,00	0,00
Mago Richard	2	157,50	115,00
Magüi Mira	1	84,00	413,00
Máscara Producións	2	67,50	187,50
Migallas Teatro	3	225,33	219,53
Nova Galega de Danza II	2	301,50	3.765,20
Nove Dous	3	67,67	97,33
O mago Teto	1	227,00	272,40
Os Monicreques de Kukas	2	141,50	198,00
Os Sete Magníficos máis un	1	87,00	205,00
Pablo Nojes e Páprika	1	93,00	85,00
Payaso Popín	1	250,00	0,00
R. T. A.	16	408,44	2.603,98
Sala Yago	4	104,75	64,00
San & San	4	70,50	239,53
Santart	6	97,00	195,27
Sapristi	6	103,50	279,67
Sarabela Teatro	16	173,56	390,76
«Sexteto de corda «»No mar»»»	1	135,00	0,00
Talía Teatro	4	119,25	425,45
Teatro Buratini	6	62,67	57,33
Teatro Cachuzo	2	74,50	57,50
Teatro de Adro	2	89,50	135,50
Teatro de Ningures	5	73,60	197,40

COMPañÍAS

Teatro del Andamio	5	130,00	65,20
Teatro do Aquí	4	206,00	417,00
Teatro do Atlántico	6	73,00	204,97
Teatro do Morcego	4	98,00	303,70
Teatro do Noroeste	4	83,00	308,63
Teatro dos Tirinautas	2	141,00	99,70
Teatro Galileo	4	216,50	416,13
The Pinga Teatro	4	116,75	367,25
Titeres Cachirulo	3	88,33	148,33
Títeres Falcatrúa	2	51,00	102,00
Tres Globos	1	250,00	150,00
Viravolta Títeres	1	90,00	0,00
Volta e Dalle Teatro	2	87,00	169,00
Xirriquiteula Teatre	3	107,67	0,00
TOTAL	197	165,02	538,87

TOTAIS

FUNCIÓNs	197
PÚBLICO	32.509
OCUPACIÓN	45,2%
FACTURADO	106.157,90

CONCELLOS E ENTIDADES

Concellos	Funcións	Espectadores/ función	Facturación función
A Coruña	6	153,83	1.604,23
A Estrada	2	375,00	1.325,00
Ames	4	72,75	122,00
Arteixo	4	165,75	116,70
Betanzos	4	146,50	293,00
Boiro	3	181,67	110,33
Burela	1	148,00	47,00
Cambados	5	219,20	262,80
Cangas	2	144,50	456,00
Carballo	4	256,50	479,38
Cariño	4	83,25	18,50
Cedeira	3	51,67	120,67
Cee	2	137,00	133,00
Culleredo	5	142,60	0,00
Ferrol	9	161,11	965,00
Foz	6	117,50	0,00
Gondomar	1	75,00	207,00
Lalín	4	142,50	87,25
Lugo	2	169,50	633,50
Monforte de L.	3	245,00	654,00
Muros	3	86,67	185,00
Narón	10	237,00	1.172,48
O Carballiño	2	94,00	261,00
Oleiros	6	170,17	423,75
Ortigueira	3	109,00	79,20
Ourense	7	139,86	978,14
Ponteareas	2	121,50	243,00
Pontevedra	11	292,64	542,82
Redondela	7	191,29	887,66
Ribadeo	5	134,40	516,00
Sada	5	96,40	14,40
San Sadurniño	5	66,80	66,90
Santiago de C.	12	180,75	764,13
Sanxenxo	3	110,33	213,33
Silleda	1	260,00	0,00
Tui	1	500,00	3.330,00
Vigo	15	77,80	171,73
VIGO (CAIXANOVA)	6	393,67	2.284,75
Vilagarcía de A.	10	74,90	108,20
Vilalba	5	253,60	740,04
Vilanova de A.	2	81,00	0,00
Viveiro	2	220,50	885,00
TOTAL	197	165,02	538,87

